

## **A comisión de comercio da Cámara reuniuse con representantes dos concellos e das asociacións do sector**

### **Tamén se presentou o I Outlet de Ferrolterra que se celebrará na ponte de Todos os Santos**

**Ferrol. 14/09/2010.** A comisión de comercio interior da Cámara de Comercio de Ferrol mantivo onte unha primeira reunión con representantes das asociacións do sector e con alcaldes e concelleiros das áreas de comercio e promoción económica.

O presidente da comisión, Ramón Cobelo, manifestou que a Cámara pretende establecer unha relación fluída e de carácter permanente coas diferentes entidades que representan aos comerciantes para canalizar e aglutinar as súas demandas e necesidades e para ter unha única voz ante as administracións.

Neste sentido, a entidade cameral tamén quere coidar de xeito especial a relación cos concellos por ser as administracións máis próximas e con maior influencia en cuestións que inciden directamente na actividade comercial, como o urbanismo e as obras e que van ser obxecto de seguimento por parte desta comisión.

Por outra parte, na reunión presentouse o **I Outlet de Ferrolterra** que se vai celebrar nas instalacións de FIMO entre os días 30 de outubro e 1 de novembro, coincidindo coa ponte de Todos os Santos.

O vicepresidente segundo da Cámara e responsable de FIMO, Cristóbal García Nores, destacou na reunión que este certame presentará unha grande diversidade na oferta de produtos, xa que ademais de roupa e calzado, terán cabida establecementos dedicados a outros sectores de actividade (electrodomésticos, informática, deporte...).

Manifestou que a participación está limitada a establecementos das comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal que poderán achegar — nos 2.500 metros de superficie do pavillón 5, que poderían ampliarse en función da demanda— os seus stocks de anteriores temporadas a miles de clientes potenciais, que terán así a oportunidade de adquirir produtos de calidade con importantes descontos.

Os representantes da Cámara e de FIMO solicitaron a colaboración das asociacións e dos concellos para acadar o maior éxito nesta convocatoria e mostraron a súa disposición para atender todas as propostas para rendibilizar a ocupación das instalacións feriais e acoller calquera tipo de evento que dinamice a actividade empresarial en Ferrol, Eume e Ortegal.

Os establecementos comerciais interesados en participar neste salón das oportunidades poden descargar a documentación necesaria para a súa inscrición na web [www.fimo-ferrol.org](http://www.fimo-ferrol.org) ou ben solicitala chamando ao 981 333060.

